



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia moderna de Galicia

Materia	Historia moderna de Galicia			
Código	O02G251V01912			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	López Díaz, María			
Profesorado	López Díaz, María			
Correo-e	marial@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Coñecemento dos fundamentos básicos, principais acontecementos e procesos xerais de cambio acaecidos na sociedade galega da Idade Moderna.			

## Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa contorna	B1	C19	D1	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas		C17	D5	
		C23		
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	A4	C12	D5	
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A3	B3	C13	D4

## Contidos

Tema	
1. O medio e as bases estruturais	1.1. Espacio e identidade do reino 1.2. A poboación 1.3. A sociedade 1.4. As actividades económicas

2. Cultura e mentalidades	2.1. Cultura e mentalidades
	2.2. Reformismo e ilustración
3. Poderes e política	3.1. Os poderes do reino
	3.2. Os poderes e institucións reais
	3.3. Galicia no contexto da monarquía hispana

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	30	45
Traballo tutelado	10	16	26
Resolución de problemas	7	14	21
Obradoiro	6	10	16
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	6	0	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22
Exame de preguntas obxectivas	2	6	8
Autoavaliación	0	4	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación por parte do docente dos contidos teóricos do temario ou dunha parte do mesmo, salientando para o resto as liñas básicas que permitirán o desenvolvemento das actividades dirixidas relacionadas cos mesmos.
Traballo tutelado	Elaboración de traballos polo alumnado a partir de fontes bibliográficas, de xeito individual ou ben en grupo, que deberán ser expostos e debatidos na aula
Resolución de problemas	Elaboración de traballos relacionados cos contidos do temario nas sesións maxistras, entre os que se inclúen a realización de distintos tipos de exercicios prácticos e resolución de problemas. Tamén algunhas sesións de traballo con fontes da época moderna
Obradoiro	Actividades encamiñadas ao traballo intensivo do alumnado co obxectivo de afondar nos contidos dun tema, aspecto ou asunto concreto do programa, debido a súa especial dificultade, interese ou oportunidade. Implicará a lectura ou manexo de bibliografía específica. Dentro das mesmas inclúense dous seminarios programados.
Eventos científicos	Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía ou ben pola Facultade de Historia.
Seminario	Sesións encamiñadas a orientar e asesorar o alumnado sobre o estudo dos contidos, a realización de traballos e actividades dirixidas e a preparación das probas de avaliación

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Seminario	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Lección maxistral	Os contidos impartidos nas leccións maxistrais avaliaranse mediante a realización dun examen que inclúe preguntas de resposta curta e pechadas con diferentes alternativas de resposta. Valoraranse os coñecementos teóricos e prácticos sobre a materia, así como a capacidade de relación dos contidos. Para superar a materia será preciso acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa historia dende una perspectiva sincrónica e diacrónica.	40	B1 C19 D1
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada, do traballo realizado de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Serán expostos o defendidos na aula. Valorarase o marco teórico, os contidos do mesmo, a estrutura, a claridade expositiva, a presentación, capacidade de síntese e análise crítica. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais e colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	25	A3 B3 C13 D4
Resolución de problemas	Presentación e entrega, nas datas sinaladas, dun dossier cos exercicios prácticos e actividades dirixidas realizadas na aula ou no arquivo segundo os criterios establecidos. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: análise e valoración dos conceptos e o uso de fontes e das interpretacións historiográficas.	15	C17 D5 C23
Obradoiro	Presentación, análise e crítica dos materiais traballados nos seminarios. Valorarase a capacidade de traballo, razocinio, fomento e participación no debate. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	10	A4 C12 D5
Autoavaliación	Valoración e avaliación do traballo autónomo do alumnado, mediante a realización dos cuestionarios de autoavaliación sobre os contidos da materia a través de Moodle. Computaranse as respostas correctas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: coñecemento dos conceptos principais da Historia Moderna do territorio propio e valoración dos contidos básicos dende unha perspectiva comparada.	10	B1 C19 D1

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos/as os/as alumnos/as matriculados/as na materia teñen dereito a realizar o exame final, no que serán avaliados/as dos contidos do programa (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación continua serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% restante. O devandito traballo, que versará sobre os contidos da materia, deberá estar asinado, como mínimo, un mes antes da realización do examen oficial e entregarse coincidindo coa data fixada polo Centro para a realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción mencionado art. 12), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos).

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Dubert, I. (coord.), **Historia de la Galicia Moderna**, 1.ª edición, Universidad de Santiago de Compostela, 2012

Saavedra Fernández, P., **A Galicia do Antigo Réxime. Economía e Sociedade**, 1.ª edición, Hércules Ediciones, 1991

Saavedra Vázquez, M.ª del Carmen, **Historia de Galicia, Tomo IV: Galicia na Idade Moderna**, 1.ª edición, Vía Láctea Editorial, 1995

Rey Castelao, O., **A Galicia Clásica e Barroca**, 1.ª edición, Galaxia, 1998

#### Bibliografía Complementaria

Saavedra Fernández, P. y Sobrado Correa, H., **A Galicia do Antigo Réximen (ca. 1480- ca.1835), tomos VI-VIII, n.º 11-1711-17**, 1.ª edición, Arrecife Edicións Galegas (para La Voz de Galicia), 2007

Saavedra, P., **La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen**, 1.ª edición castellano, Crítica, 1994

### Recomendacións

## **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Historia moderna universal/O02G251V01402

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Historia moderna de España/O02G251V01603

## **Outros comentarios**

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

As prácticas de arquivo que non poidan realizarse presencialmente, substituiranse por outras que poidan realizarse utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais...; videos, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo ou impartidos online.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

\* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

\* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.